



# **Plan de promoción da FCCEE**

**R1- DO0202 P1**

## PLAN DE PROMOCIÓN DA FCCEE

### Curso 2019 - 2020

A facultade de Ciencias Económicas e Empresariais realiza múltiples actividades co obxecto de promocionar os diferentes Graos que nela se imparten:

- Grao en Administración Dirección de Empresas (ADE)
- Grao en Economía (GECO)
- Plan de simultaneidade ADE-Dereito

No centro contéplase todo un conxunto de actividades de distinto signo que teñen como obxectivo último mellorar a proxección da súa imaxe na contorna na que se inxire. En concreto, podemos destacar as seguintes:

#### **1. II Foro de Emprego.**

Celebrouse os días 19 e 20 de febreiro nas dependencias da Facultade. O seu obxectivo é facilitar o acceso do alumnado das titulacións de ADE, Economía e o Dobre Grao ADE-Dereito, ao mercado laboral. A través de Foro de Emprego conséguense e acercar ás empresas e despachos profesionais o estudantado e, á vez, ofrécese ás firmas que participan a posibilidade de que se dean a coñecer e de captar talento.

Nesta edición participaron as seguintes empresas, despachos e entidades: Abanca, Accenture, Aceites Abril, Adecco, Adolfo Domínguez, Anfaco-Cecopesca, Artai, A RVI, Autoridade Portuaria de Vigo, Baltar + Avogados, BDO, Bimba e Lola, Campus do Mar, Colexio de Economistas, Coren, Cuatrecasas, Delikia, Deloitte, Garrigues, Grant Thornton, Grupo Profand, Magna Seatings, Mapfre, Micofer, Nationale Nederlanden, Nova Pescanova, On & Tax Legal, OVB Allfinanz, PwC, Sagrés, Sociedade Téxtil Lonía, Uría e Menéndez, Zandal e a Axencia Estatal da Administración Tributaria; é dicir, 34 firmas, o que supoñen 7 máis que na 1ª edición. O número non foi maior por problemas de axenda

de varias firmas ás que non lle encaixaban as datas. Con todo, manifestáronnos o seu desexo de que contemos con elas para o próximo ano.

Respecto ao número de estudantes que participaron no Foro nesta edición temos que dicir que o número de estudantes de diferentes titulacións (xa que, como expomos, o Foro vai dirixido a todos os estudantes da Universidade) que se inscribiu superou os 450, fronte aos aproximadamente 300 que participaron na primeira edición. Ademais, as empresas captaron máis de 1.300 CV e realizáronse 30 relatorios ao longo dos dous días que durou o evento.

Outro aspecto a destacar foi a participación na organización do evento de case 60 estudantes que se ofreceron como voluntarios. O seu traballo foi clave para o éxito do evento.

A repercusión do evento nos medios de comunicación foi importante, como se pode comprobar nas seguintes ligazóns:

*Reportaxe TeleVigo:*

[https://www.youtube.com/watch?estafe\\_continue=1&v=MbZ1KyZ6s\\_s&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?estafe_continue=1&v=MbZ1KyZ6s_s&feature=emb_logo)

*Noticia no xornal Atlántico Diario:*

<https://www.atlantico.net/articulo/universidad/empresariales-reedita-foro-emplego-35-empresas/20200216235354758298.html>

*Acto de inauguración:*

[https://www.youtube.com/watch?v=Qo2n83wITlo&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?v=Qo2n83wITlo&feature=emb_logo)

*Vídeo do evento:*

[https://www.youtube.com/watch?v=1fqefXa1VuA&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?v=1fqefXa1VuA&feature=emb_logo)

## **2. Organización de conferencias, charlas e talleres.**

Ao longo de primeiro cuadrimestre e no nas semanas correspondente ao segundo cuadrimestre, antes da declaración do Estado de Alarma pola crise do Covid-19, celebráronse distintas conferencias na Facultade que tiveron una gran repercusión pola relevancia dos/as poñentes:

- 2 de outubro de 2019: "Adolfo Domínguez desde Galicia. La revolución de la moda de autor": Poñente: **Adriana Domínguez- CEO de Adolfo Domínguez.**
- 16 de outubro de 2019: "INDITEX: un modelo integrado y sostenible": Poñente: **José María Álvarez - Director de Desenvolvemento Corporativo de INDITEX.**
- 6 de novembro de 2019: "EQUIPO MASCATO": Poñente: **Julio LLores- Presidente de Mascato.**
- 20 de novembro de 2019: "El liderazgo femenino": Poñente: **Ana Alonso - Vice-Directora General en Citic Hic Gándara Censa.**
- 4 de marzo de 2020: "Estrategia con propósito": Poñente: **Ignacio Rivera - CEO Hijos de Rivera.**
- 11 de marzo de 2020: "El liderazgo femenino en la sociedad actual": Poñente: **Lucía Freitas - Chef-Estrela Michelin.**

**Charlas organizadas por Xulia González e Begoña Álvarez, do grupo Mulleres Economistas Sen límites:**

*Conferencias de tres egresadas en Economía pola Universidade de Vigo.*

- 12 de setembro de 2019. "Mulleres economistas... sen límites". Poñente: Rita Álvarez- Senior Evaluation and Learning Analyst en Education For Employment - Global (EFE-Global).
- 9 de outubro. "Mercados financeiros internacionais", María Rada Soto - Executive Director: produtos estruturados para Asia-Pacífico, UBS Hong Kong.
- 23 outubro: "Experiencias laborais de mulleres egresadas da Universidade de Vigo". Poñente: Ana Lorenzo - Vice-Presidenta, Compass Lexecon.

*Conferencia da Xefa da unida de análise microeconómico do Banco de España, dirixida a toda a comunidade Universitaria e enviáronse mensaxes a través das listas de Avisos e PDI*

- 30 outubro: “¿Por qué es importante el género en la economía?”, Laura Hospido - Xefa da unida de análise microeconómico do Banco de España.

Os vídeos das charlas pódese ver en:

<https://tv.uvigo.es/series/5d95cd051e19c03d0d1c03b7>

A prensa fíxose eco da inauguración das xornadas en:

<https://www.atlantico.net/articulo/universidad/mujeres-economistas-limites-dan-charlas-campus/20190912234914729352.html>

### **Charlas e talleres organizados co motivo de Foro de Emprego:**

#### *Talleres:*

Mércores 5 de febreiro:

16:00-18:00: “Liderazgo e estratexia personal. As claves para orientar a túa carreira”.  
Organizador: Colexio de Economistas de Pontevedra. Poñente: Galicia Business School.

18:15- 19:00: “As cinco competencias básicas para traballar”. Poñente: Rafael Martínez. Human Resources Manager en Denso Sistemas Térmicos.

Xoves 6 de febreiro:

16:15-17:45: Como facer una entrevista de traballo? Poñente: Micofer.

18:05- 18:50: “Taller sobre o uso de LinkedIn”. Poñente: Micofer.

Relatorios de 40 minutos de duración:

20 DE FEBRERO				
SALÓN DE ACTOS			SALÓN DE GRADOS	
HORAS	FIRMA	TÍTULO	FIRMA	TÍTULO
10:00-10:40h	AGENCIA TRIBUTARIA	Oportunidades laborales en Agencia Tributaria	COLEGIO DE ECONOMISTAS	Presentación Colegio de Economistas
11:00-11:40h	Correduría de Seguros ARTAI	Mercado laboral y selección de personas. ¿Y ahora qué?	CUATRECASAS	Presentación Cuatrecasas
12:00-12:40h	BALTAR ABOGADOS	Beca Baltar Abogados	OVB Allfinanz España	Emprender en el sector financiero
13:00-13:40h			URÍA MENÉNDEZ	Hay un lugar. Un día de un abogado en Uría Menéndez
DESCANSO				
15:30h-16:00h	FUTURAS PROFESIONES Y EMPRENDIMIENTO	Los profesionales del futuro y el énfasis en la DATA		
16:05h-16:40h	FUTURAS PROFESIONES Y EMPRENDIMIENTO	MESA REDONDA: Nuevas profesiones y emprendimiento ¿Cómo se influye desde la Universidad		
16:45h-17:30h	FUTURAS PROFESIONES Y EMPRENDIMIENTO	ConverFit, una historia real		
18:00h-18:40h			ARVI - Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo	El empleo en la Pesca

Relatorios de 15 minutos:

19 DE FEBRERO - HALL DE ENTRADA		
HORAS	FIRMA	TÍTULO
10:15-10:30h	OVB Allfinanz España	Emprender en el sector financiero
10:45-11:00h	ON TAX & LEGAL	El futuro cierto
11:15-11:30h	GARRIGUES	Presentación Garrigues
11:45-12:00h	CUATRECASAS	Presentación Cuatrecasas
12:15-12:30h	COLEGIO DE ECONOMISTAS	El Colegio de Economistas, ¿Qué podemos hacer por ti?
12:45-13:00h	ACEITES ABRIL	Tradición, familia y crecimiento

20 DE FEBRERO - HALL DE ENTRADA		
HORAS	FIRMA	TÍTULO
10:45-11:00h	ACCENTURE OPERATIONS	Descubre empleos en Lisboa
11:15-11:30h	CAMPUS DEL MAR	Examples of capacity building in Campus do Mar
11:45-12:00h	ZENDAL-BIOGA	El nuevo rol en Ciencias de la Vida
17:30h-17:45h	ARVI - Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo	El empleo en la Pesca

### 3. Promoción do centro a través de medios de comunicación e redes sociais.

No mes de febreiro, coincidindo coa realización do Foro de Emprego, realizouse un programa de radio en directo dende a FCCEE da emisora Onda Cero Vigo.

[https://www.ondacero.es/emisoras/galicia/vigo/vigo/mas-de-un/mas-de-un-vigo-20022020\\_202002205e4e847d0cf2b4013ff3a9cf.html](https://www.ondacero.es/emisoras/galicia/vigo/vigo/mas-de-un/mas-de-un-vigo-20022020_202002205e4e847d0cf2b4013ff3a9cf.html)

A Facultade tamén se promociona a través de redes sociais. Con tal motivo creouse una conta en Instagram, por se unha das Apps máis usadas pola xente nova, público potencial das titulacións impartidas no centro.

[https://www.instagram.com/fcee\\_uvigo/](https://www.instagram.com/fcee_uvigo/)

#### 4. Organización de charlas dirixidas a alumnos de bacharelato

Este tipo de actividades realizase tanto nas dependencias da Facultade como nos propios centros de bacharelato.

Algúns dos centros onde se promocionou a Facultade neste curso foron:

Data	Centro
08/01/2020	IES Carlos Casares + San José da Guía
20/01/2012	IES Rodeira (Cangas)
17/02/2020	Colegio Bouza Brey
21/02/2020	Salesianos
28/02/2020	IES AS Barxas (Moaña) + IES Val Miñor (Nigrán)
03/03/2020	IES Castelao
04/03/2020	IES PAZO DA MERCE + IES Mendiño
05/03/2020	IES Castelao
09/03/2020	CP Compañía de María
10/03/2020	IES San Tomé de Freixeiro + IES Pedra da Auga

Estaban previstas máis charlas con Institutos pero a declaración do Estado de Alarma pola crise do Covid-19 impediú a súa realización. Estase a estudar a posibilidade de facer estas presentacións por vía telemática pero, no momento de pechar este Informe, non se poden concretar as novas datas para este tipo de eventos.



#### **5. Promoción a través da participación activa en EDUGAL 2020**

Os días 12, 13 e 14 de febreiro celebrouse no recinto ferial de Pontevedra o 9º Salón da Oferta de Educación e Formación de Galicia. Nel participou a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais na figura do seu Decano, quen atendeu a todos/as os/as estudantes que se achegaron ata o stand 23. Pode consultarse información sobre o evento en <http://www.edugal.es/>